Dálle unha volta!

Preguntas frecuentes d@ docente

	
Por que non atende?	Como podo conseguir que as miñas clases capten a atención de todo o alumnado?
Por que non se relaciona cos compañeiros/as?	Que dinámicas podo seguir para establecer un clima cooperativo e participativo dentro da aula?
Por que non me contesta?	Que ferramentas podo empregar para que todo o meu alumnado comprenda o que quero transmitir? Con que ferramentas conta o meu alumnado para poder expresarse?
Por que interrompe constantemente?	Que estratexias de xestión de aula podo empregar?
Será capaz de seguir o currículo?	Que metodoloxías podo empregar para garantir o seguimento do currículo e a participación do alumnado?
Onde o/a situarei dentro da aula?	Como podo organizar o espazo da aula para garantir unha distribución axeitada e facilitar a participación de todos/as? Onde me situarei como mestre/a dinamizadora da clase e persoa de referencia e apoio?
Freará o desenvolvemento “normal” das clases?	Que é o desenvolvemento “normal” das clases?
Cantos apoios precisará?	Como podo asegurarme de que todo o alumnado recibe os apoios que precisa?
Presentará condutas disruptivas?	Que ferramentas existen para xestionar condutas desaxustadas que poidan xurdir na miña aula?

Material elaborado polo servizo de Educación das entidades de Down Galicia baixo licenza de Creative Commons permitindo a reproducción e modificación sempre que sexa sen ánimo de lucro e recoñecendo a autoría.